

MINISTERIO para la Transformación Digital y la Función Pública

Comisión Paritaria do IV CUAGE

26/11/2024

Encadramento.

Expediente presentado polo Ministerio de Hacienda para un cambio de especialidade, que foi informado desfavorable pola Administración alegando que non esta motivada a proposta.

Asignación de Complementos.

Quedan aprobados varios expedientes dos presentados antes a COPA sobre asignacion de complemento do ministerios de CSIC/Transportes, Industria y Turismo, Ciencia e Innovación, Presidencia y Justicia, Inclusión y Seguridad Social, IIPP.

A CIG é desfavorable a esta asignación non por ser de necesidade senón porque se financian na súa totalidade coa amortización de postos de traballo o que significa unha importante destrución de emprego.

Concurso de Traslados.

A terceira fase da CAP si todo vai ben publicares a adxudicación definitiva na segunda semana de decembro.

Ofertas de Emprego.

Rematado o proceso da OPE do 2018 solicitamos informe de execución da mesma coa finalidade de coñecer a situación das titulacións, en concreto a referente ao Grupo E1.

Solicitada información sobre Ofertas 19, 20, 21, 22 e 23, dinnos que están os procesos en marcha da 2019 e do resto aínda non poden anticipar nada. Manifestamos a nosa discrepancia co feito de que prazas que quedaron desertas no concurso de traslados non se saquen a cobertura de oferta libre ou promoción, tal e como entendemos establece o Convenio.

ARTIGO 56.3 IV CUAGE

Logo de unha eternidade conseguiron calcular cal é o importe de subida por complemento no posto de traballo previsto nos PGE 2023, que en cumprimento do acordado de subilos linealmente a todos os complementos supón unha subida anual de 62.89€.

Con respecto ao ano 2024 non poden ter calculado canto supón a subida por non saber si tamén se suma o 0.5% ao 2% pactado, polo que hasta o mes de decembro non o poden saber, estiman que para o mes de decembro podrian sabelo, a subida sera LINEAL como nos do ano 2023 xa que por maioría de CCOO e UGT así se acordou.

A CIG propuxo que fose de forma porcentual aplicado a cada complemento.

GRUPOS TRABALLO:

Troco Réxime Xurídico:

A Administración manifesta abertamente que estes procesos están a ser un FRACASO pola mínima participación, cuestión que desde a CIG xa adiantamos cando estabamos negociando o procedemento e a xestión, manifestando que si non se informaba claramente das consecuencias do cambio as e os empregados e empregadas optarian por quedarse no posto que teñen.

Xubilación Parcial:

O Subdirector de Relacións Laborais presente nesta reunión da COPA nos únicos 10 primeiros minutos que estivo presente, infórmanos de que será necesario reunir este Grupo para renegociar os criterios para axustarse as novidades na normativa da Seguridade Social en canto aos contratos de relevistas que tendrán que ser indefinidos,